

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO FINANCIAMENTO DOS PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO DOS CENTROS PRIVADOS QUE IMPARTEN ENSEÑANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O ANO 2009 AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO 22 DE DECEMBRO DE 2008 (DOG DO DÍA 5 DE XANEIRO DE 2009)

A Secretaria Xeral de Política Lingüística (SXPL), mediante resolución do 22 de decembro de 2008, convocou axudas para financiar proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino privados que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios en Galicia, para o ano 2009, curso escolar 2008-2009.

Fixada a valoración mínima de calidade para outorgar o financiamento máximo aos proxectos (2500, 600 e 400 segundo o número de alumnos dos centros) en 20 puntos e o valor do punto en 53/euros con redondeo, publícanse, de acordo co previsto no artigo décimo segundo, as propostas de resolución de adxudicación do financiamento dos proxectos admitidos (anexo 1), e as listas de proxectos excluídos coas causas de exclusión (anexo 2).

Os centros interesados disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta.

O prazo de alegacións remata o 25 de abril de 2009.